

DOMINGO 2 CORESMA Ciclo C

PRIMEIRA Xen 15, 5-12. 17-18
Deus establece alianza co fiel Abraham

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA XÉNESE

Daquela, levou Deus fóra a Abram e prometeulle: -"Olla cara ao ceo e conta as estrelas, se é que podes. Así terás de descendentes". Abram creu ao Señor, que llo tivo en conta para a xustificación.

Despois díxolle o Señor: -"Eu son o Señor, que te sacou de Ur dos Caldeos, para che dar en herdo esta terra".

Abram preguntou: -"Señor e dono meu, como saberei que será miña?"

O Señor respondeu: -"Tráeme unha becerra, unha cabra e un carneiro, todos eles de tres anos, e máis unha rula e unha pomba".

Abram trouxo todo, partiu os animais polo medio e puxo unha metade fronte á outra; pero as aves non as partiu. Os voitres descendían á carnada, e Abram espantábaos. Cando o sol estaba para se pór, apoderouse de Abram un sono profundo e invadiuno unha escura ansiedade.

Cando se puxo o sol e se fixo noite pecha, Abram viu pasar entre os membros dos animais tallados un fume coma de forno e un facho de lume. Aquel día fixo o Señor con Abram esta alianza: -"Os teus descendentes dareilles esta terra, desde o torrente de Exipto ata o gran río Éufrates,

SALMO RESP. Sal 26, 1. 7-8. 9abc. 13-14
R/ (1a): O Señor é a miña luz e salvación

O Señor é a miña luz e salvación,
a quen hei de temer?

O Señor é o meu castelo,
ante quen hei de tremer?

Escoita, Señor, a voz que chama,
ten piedade e respóndeme.

Por ti dime o corazón:
-"Buscade a miña presenza".

A túa presenza eu busco, Señor.

Non te escondas de min,
non me desbotes con ira.
Ti es a miña axuda; non me deixes,

Eu espero gozar dos bens do Señor
na terra da vida.

Espera no Señor;
ten corazón forte e valente
e espera no Señor.

SEGUNDA Flp 3, 17 - 4, 1 (longa)
Cristo hanos configurar co corpo da súa gloria

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS FILIPENSES**

Irmáns, seguides todos o meu exemplo e reparade nos que camiñan conforme o modelo que tedes de nós. É que moitos -dos que xa vos teño falado e agora falo a chorar- pórtanse coma inimigos da cruz de Cristo. Esa xente vai acabar na perdición; o Deus dela é o bandullo; o orgullo dela está na vergonza: xente que só se interesa polas cousas terreas. Pero a nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transformar o noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo con ese poder que lle permite someter incluso o mesmo universo.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguides así firmes no Señor, queridiños!

SEGUNDA Flp : 3, 20 - 4, 1 (breve)
Cristo hanos configurar co corpo da súa gloria

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS FILIPENSES**

Irmáns e irmás:

A nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transformar o noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo con ese poder que lle permite someter incluso o mesmo universo.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguides así firmes no Señor, queridiños!

DOMINGO 2 CORESMA Ciclo C

EVANXEO Lc 9, 28b-36
Transfigurouse o seu rostro mentres oraba

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús colleu a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu ao monte a orar. Mentres estaba orando, cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes. De súpeto apareceron dous homes falando con el; eran Moisés e mais Elías. Tiñan un aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que remataría en Xerusalén. Pedro e mailos outros caían co sono, pero, manténdose espertos, contemplaron a súa gloria e os dous homes que o acompañaban. Cando eles se arredaban, díxolle Pedro a Xesús:

- Mestre, ¡que ben que esteamos nós aquí! Queres que vos fagamos tres tendas, unha para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?

Pero non sabía o que dicía. E mentres falaba, unha nube cubriunos coa súa sombra; eles quedaron moi asustados ao entraren nela. Entón unha voz dixo desde a nube:

- Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo.

Cando a voz acabou, Xesús apareceu só. E eles gardaron silencio. E non lle dixeron a ninguén nada do que viran naqueles días.